Concello de Lugo

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS MICROEMPRESAS DO CONCELLO DE LUGO COMO APOIO A NOVOS INVESTIMENTOS E FOMENTO DA CREACIÓN DE EMPREGO

INTRODUCIÓN

O Concello de Lugo, como administración pública máis próxima á cidadanía, debe procurar manter unha atención constante aos problemas que lles afectan. Un dos principais problemas que afecta á poboación municipal é o desemprego. En agosto de 2013, contabilizáronse no concello de Lugo 9.275 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego.

Os datos de empresas inscritas na Seguridade Social a nivel nacional (nos meses de agosto desde 2010 a 2013), aportado polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, estruturados por tamaño de empresa que se amosan na seguinte táboa, indican claramente os seguintes aspectos:

1. Hai un descenso no número de empresas inscritas na Seguridade Social, se se comparan os datos de agosto de 2013 cos de 2010, que en termos relativos supón un 5,36% sobre o total de empresas inscritas.
2. O maior descenso, analizando os datos por estrato de asalariados, dáse nas empresas de entre 50 e 499 traballadoras e traballadores, nas que se encadran as PEME´s.
3. O mellor comportamento, traducido nun descenso menor de empresas inscritas con respecto ao 2010, corresponde ás microempresas (1-2 traballadoras/es), cun 4,64%, se se compara con datos superiores ao 9% das anteriores.
4. Comparando datos de 2013 e 2012, parece observarse unha pequena atenuación no descenso do número total de empresas inscritas na Seguridade Social. No caso das microempresas, a variación é maior e contraria á tendencia marcada anteriormente, posiblemente derivada de que rematou a súa capacidade de resistencia á situación económica adversa e á dificultade de acceso ao crédito.

Ano	TOTAL	De 1 a 2 traballadores	de 3 a 49 traballadores	de 50 a 499 traballadores	Máis de 500 traballadores
2010	1.240.847	692.948	520.261	25.593	2.045
2011	1.210.527	681.675	502.351	24.501	2.000
2012	1.171.844	669.269	477.690	22.987	1.898
dif 2012-2010	-69.003	-23.679	-42.571	-2.606	-147
% de descenso sobre 2010	**-5,56%**	**-3,42%**	**-8,18%**	**-10,18%**	**-7,19%**
2013 (ata agosto)	1.174.352	660.806	488405	23.261	1.880
dif 2013-2010 (agosto)	-66.495	-32.142	-31.856	-2.332	-165
% de descenso sobre 2010	**-5,36%**	**-4,64%**	**-6,12%**	**-9,11%**	**-8,07%**

Por outra banda, se se analizan os datos correspondentes ao número de empresas da provincia de Lugo, que presentaron concurso de acredores dende o ano 2009 ata o finais do 2013, que se reflicten na táboa seguinte, obsérvase que o incremento do número de concursos de acredores alcanzou o máximo no ano 2012, e os presentados no ano 2013, supoñen un 120% máis dos presentados no ano 2009. Nos últimos 5 anos foron 257 empresas as que entraron en concurso de acredores na provincia de Lugo.

Ano	Empresas que presentan concurso de acredores (Lugo e provincia)
2009	30
2010	34
2011	54
2012	76
2013	63

Total de 2009 a 2013	257

Estes datos obxectivos son só unha mostra do efecto da crise económica actual sobre a destrución do tecido produtivo, tanto a nivel nacional como a nivel provincial e de seguro aínda que non sexa doado atopar datos que o demostren, a nivel local.

Por este motivo, o Concello de Lugo, a través da Concellería de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, é competente en materia de promoción do emprego, e debe impulsar actuacións prioritarias e eficaces a través de políticas que favorezan a empregabilidade, como é o estimulo e as axudas á creación de pequenas empresas que contribúan á dinamización do tecido empresarial e á creación de novos postos de traballo, así como fomentar a mellora competitiva das empresas xa existentes. Estas medidas son complementarias a outras iniciativas que xa impulsou este Concello, como son as axudas do Plan Urban (exclusivamente para a zona Urban, no núcleo histórico da cidade) ou a creación e xestión do CEI-NODUS, en funcionamento dende o ano 2004, e que se atopa actualmente saturado en canto ao uso de espazos para empresas, e no asesoramento a gran cantidade de emprendedores que se achegan a estas instalacións (neste primeiro semestre asesoráronse máis dunha centena de emprendedoras e emprendedores) e que evidencian a necesidade de cofinanciamento para poder iniciar unha actividade empresarial, de xeito que se detecta un elevado número de proxectos, viables tecnicamente, pero que non poden poñerse en marcha debido a que as e os emprendedores non dispoñen de financiamento e o acceso ao crédito é moi dificultoso e incluso a maioría das veces imposible pola conxuntura económica actual.

A Consellería de Traballo e Benestar habilita cada ano unhas partidas para o cofinanciamento de proxectos empresariais promovidos por empresas de economía social (autónomos, cooperativas, sociedades laborais, etc.), que nos últimos anos se amosaron claramente insuficientes para atender o volume total de proxectos que está a espera deste financiamento.

Por todo o anteriormente exposto, dende este servizo propúxose que de xeito urxente e excepcional se habilitasen fondos orzamentarios por importe de 450.000 € (200.000 € no capítulo IV de transferencias correntes e 250.000 € no capítulo VII), para contribuír a paliar a difícil situación económica actual. Procurando deste xeito, diminuír as cifras de desemprego ao tempo que se colabora a que o autoemprego se visualice como unha saída sostible para a creación de actividade empresarial e lograr así que repercuta directamente na rexeneración da actividade económica e social do noso municipio, facilitando non só a creación, senón tamén a continuidade das empresas existentes. Ao mesmo tempo a divulgación destas axudas para a creación de empresas no noso territorio tamén servirá para a atracción doutros proxectos, promovidos por persoas de fóra, pero que o seu asentamento no noso municipio contribuirá a fortalecer o noso feble tecido industrial.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é dinamizar a economía lucense a través do apoio a novos investimentos das microempresas así como fomentar a creación de emprego entre os colectivos máis desfavorecidos do municipio.

2. EMPRESAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar esta liña de axudas as microempresas (segundo a definición de recollida na Recomendación da Comisión 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003, son as empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros) independentemente da súa forma xurídica (incluíndo comunidades de bens) que desenvolvan a súa actividade (teñan o seu domicilio fiscal) dentro do municipio de Lugo, excluída a zona URBAN (ámbito do PEPRI do núcleo histórico).

Non poderán ser beneficiarias:

1. As empresas de sectores excluídos da normativa *minimis* (empresas que operan nos sectores de pesca e acuicultura; produción primaria de produtos agrícolas, actividades relacionadas coa exportación; a axuda subordinada a un uso de bens nacionais con preferencia sobre bens importados, a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada concedida a empresas que realicen por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada e as empresas en crise).
2. As empresas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
3. Os locais nos que se desenvolva unha actividade non prevista na normativa urbanística vixente para esa situación.
4. Aquelas cuxa actividade unicamente consista no alugamento de local para o desenvolvemento doutra actividade económica.

3. FEITO E GASTOS SUBVENCIONABLES

A través desta liña de axudas concederanse axudas a fondo perdido para:

A. **INVESTIMENTO.** Activos fixos novos da seguinte natureza:

   a. Obras necesarias para o desempeño da actividade (non se financia a adquisición de inmobles).
   b. Maquinaria e ferramenta.
   c. Mobiliario.
   d. Equipamento informático de sobremesa (nunca dispositivos portátiles) para a súa instalación e uso no local para o que se solicita a axuda. En ningún caso se incluirán outros dispositivos móbiles. Financiaranse aplicacións informáticas (propiedade ou licenzas que dan dereito ao uso) directamente vinculadas coa actividade e o desenvolvemento da web corporativa ata un máximo de 4.000 €.
   e. Outro inmobilizado material destinado ao local no que se desenvolve a actividade, incluíndo rótulos comerciais.

B. **GASTOS CORRENTES.** Gastos de persoal (excluída a seguridade social a cargo da empresa) derivados das contratacións de persoas desempregadas con máis de tres meses de antigüidade como demandantes no servizo público de emprego de Lugo (empadroados en Lugo), pertencentes a algún dos seguintes colectivos: persoas discapacitadas, minorías étnicas, mulleres vítimas de violencia, persoas paradas de longa duración (máis dun ano de antigüidade como demandante), xoves (menores de 25 anos) sen experiencia laboral previa e persoas maiores de 45 anos. Os contratos deberán ter unha duración mínima de 6 meses, e iniciaranse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 28 de febreiro de 2015. Estimarase como importe subvencionable o salario mínimo interprofesional vixente á data 1 de xaneiro de 2014.

Para poder optar á axuda para gastos de investimento (apartado A deste artigo) será necesario realizar, polo menos, unha contratación das que se indican no apartado B cunha duración mínima de 6 meses.

4. PARTICULARIDADES SOBRE OS GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN

1. En ningún caso será subvencionable o importe correspondente ao IVE.
2. Non se financiarán bens de segunda man, nin gastos non admitidos pola lexislación nacional coma os financeiros, recargas, multas, etc.
3. Se se considera que algún dos investimento propostos ten un valor maior ao de mercado, axustarase este á baixa. Esta comparación poderase facer cos prezos doutras solicitudes ou solicitando dous novos orzamentos de distintas empresas. O CEI Nodus do Concello de Lugo poderá enviar os novos orzamentos ao solicitante para o seu coñecemento e elección aínda que o cálculo da axuda se fará sobre o prezo axustado a valores de mercado.
4. Os locais nos que se fagan reformas deberán manter o seu uso empresarial durante un período mínimo de tres anos. No caso de bens non inscribibles, o investimento deberá manterse vinculada á actividade económica do beneficiario por un período mínimo de tres anos.
5. Todas as facturas e nóminas deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de agosto de 2015. Os xustificantes de pagamento destes gastos deberán estar comprendidos nese mesmo período.
6. Cando algún dos investimentos teña un valor igual ou superior a 50.000 € no caso de obras ou 18.000 € no caso dos equipamentos, a beneficiaria ou o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.
7. Para o caso de que se produza a baixa dalgún do persoal traballador contratado, deberá ser sustituído no prazo de 8 días hábiles por outro/a pertencente aos mesmos colectivos.

5. IMPORTE DA AXUDA

A axuda a fondo perdido, poderá ser de ata o 50% do total dos gastos e/ou investimentos considerados subvencionables. Aos proxectos promovidos, polo menos, por unha muller, incrementaráselles a subvención nun 5% máis, ata un máximo do 55%.

Cada empresa beneficiaria poderá recibir unha axuda máxima de 10.000 €, na liña A (investimentos).

En virtude dos límites impostos pola normativa minimis, a axuda recibida non poderá supoñer que o importe total de axudas deste tipo recibidas durante un período de tres anos sexa superior ao límite de 200.000 €, agás as axudas ás empresas que operan no sector transporte nas que este límite será de 100.000 €.

6. ORZAMENTO

Dótase esta convocatoria con 450.000 € con cargo ás seguintes aplicacións:
- 24100.48900 Axudas á creación e mantemento de pequenas empresas para a dinamización

do tecido empresarial e creación de postos de traballo: 200.000 euros.
- 24100.78900 Axudas á creación e mantemento de pequenas empresas para a dinamización do tecido empresarial e creación de postos de traballo: 250.000 euros.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ronda da Muralla, número 197, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres). Presentarase cuberto en todos os seus apartados, no prazo de **20 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

O formulario de solicitude, estará a disposición dos solicitantes no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no CEI-NODUS e na páxina WEB do Concello de Lugo.

Á devandita solicitude acompañarase orixinal e copia para a súa compulsa de:

a. NIF/CIF da/o empresaria/o ou da empresa (segundo o caso).
b. Documentación acreditativa da alta no IAE ou alta no Censo de Obrigados Tributarios.
c. Documentación acreditativa da alta na Seguridade Social.
d. No caso de sociedades, escritura de constitución e DNI do/da representante e poder de representación.
e. No caso de execución de obras, título de propiedade do local ou permiso da/do propietaria/o (se non é a persoa solicitante) para realizar estas.
f. A seguinte documentación sobre a intervención:
    I. No caso de obras: fotografías en formatos dixital e papel da situación inicial que se vai modificar; memoria técnica da intervención que inclúa, medicións, prezos unitarios e planos que permitan a perfecta comprensión da intervención (materiais a utilizar, dimensións, acabados, cores, etc.) e orzamento aceptado por un contratista.
    II. Outros investimentos: orzamentos detallados a nivel de custo por unidades e cunha descrición tal que permita a obtención de orzamentos doutros provedores para os efectos de comprobar que o seu importe non é superior ao de mercado. Achegarase tamén a documentación gráfica suficiente, fotografías, catálogos, etc.
    III. No caso de gastos correntes: número de persoas que se contratarán e a duración dos contratos. Estimarase como importe subvencionable o salario mínimo interprofesional a 1 de xaneiro de 2015.
    IV. No caso de que a persoa solicitante opte por non autorizarlle ao Concello de Lugo a consultar a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas diferentes administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e Facenda da Administración autonómica nos que se certifique tal aspecto.
g. Orixinal do documento de designación de conta bancaria conformada pola entidade bancaria.

Poderase solicitar toda a información que se considere necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e a correcta valoración da intervención. Dende o Concello, comprobarase que a persoa solicitante non ten débedas co propio Concello de

Lugo. Igualmente, no momento da xustificación da subvención, o Concello comprobará que o local está habilitado para o desenvolvemento da actividade.

8. VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

De maneira previa á valoración das solicitudes, técnicos municipais comprobarán o cumprimento dos requisitos expresados nestas bases.

Unha comisión de valoración formada por cinco técnicas/os municipais de distintas áreas, procederá á valoración das solicitudes. A repartición do orzamento previsto farase entre todas aquelas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos para seren subvencionables.

A contía da axuda para cada beneficiaria/o poderá chegar aos máximos establecidos no punto 5, sempre que os créditos sinalados no punto 6 sexan suficientes e sempre, sen ser superados.

Se os créditos dispostos nas partidas orzamentarias non fosen suficientes para atender as solicitudes subvencionables nas súas contías máximas, a repartición do crédito ata o seu esgotamento farase proporcionalmente entre todas as solicitudes subvencionables, utilizando para iso os criterios de investimento realizado e emprego xerado.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos seis meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes entenderanse denegadas, sen prexuízo da obriga expresa de resolver que o artigo 42.1 da Lei 30/1992 lle atribúe á Administración.

Tal e como sinala o artigo 29.4 da ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo, para as subvencións tramitadas en réxime de concorrencia "A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as e os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa".

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA AXUDA

Para a xustificación da axuda, deberá presentarse toda a documentación xustificativa no período comprendido entre o 1de setembro e o 30 de setembro de 2015, a beneficiaria ou o beneficiario presentará no mesmo lugar sinalado para a solicitude unha relación de todos os gastos segundo o modelo do anexo II e orixinais e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

a. Facturas conformadas acompañadas, no caso de obras, da certificación (relación valorada) dos traballos realizados ou referencia ao presuposto aceptado se non hai ningunha variación.
b. Contratos, nóminas e TC.
c. Xustificantes do pagamento de gastos (investimentos e gastos de persoal) admitidos por un importe polo menos igual ao do investimento para xustificar, con data límite do 31 de agosto de 2015 (**XUSTIFICANTE BANCARIO** NO QUE ESTEA PERFECTAMENTE IDENTIFICADA A TRANSACCIÓN). Non

se admitirán pagamentos por caixa. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria.

d. Documentos xustificativos de que as persoas contratadas pertencen a un dos colectivos subvencionables, vida laboral e informe de períodos de inscrición no servizo público de emprego no que poida verificarse a antigüidade da demanda.
e. No caso de obras, licenza de obras e fotografías en formatos dixital e papel da situación final e outras nas que se poida comprobar que se cumpriron as medidas de publicidade sinaladas nestas bases.
f. Declaración responsable actualizada á data (seguindo o modelo presentado no momento da solicitude) doutras axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo fin.
g. Se é o caso, xustificante do correcto tratamento dos residuos (reutilización, entrega á empresa autorizada de tratamento, declaración da empresa provedora con detalle das empresas ás que fai a entrega, punto limpo, etc.).

As facturas, recibos de nóminas e TC orixinais devolveranse seladas con indicación do importe subvencionado en cada gasto.

En caso de que o gasto ou o pago xustificado sexa menor ao investimento presentado e aceptado en cada unha das liñas, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o investimento ou o pago. Se a diferenza é debida a traballos ou contratos non executados, pódese someter a xuízo da comisión de valoración se procede propoñer a perda de dereito ao cobramento da axuda por incumprimento da finalidade.

Considerarase que se perdeu o dereito ao cobramento da axuda se non se obteñen as licenzas de obra municipais. O cumprimento das medidas de publicidade é requisito indispensable para o mantemento da axuda.

O formulario de xustificación, estará a disposición dos beneficiarios no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no CEI-NODUS e na páxina WEB do Concello de Lugo:

10. SUBCONTRATACIÓN

Pola natureza da actividade subvencionada está permitida a subcontratación do 100% da actividade subvencionable. No caso de persoas ou entidades provedoras vinculadas coa beneficiaria o co beneficiario segundo os casos recollidos no artigo 68 do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, estes gastos só serán subvencionables cando se realicen de acordo coas condicións de mercado e se autorice no momento da concesión da axuda. Para iso o solicitante debe facilitar a información e pedir a autorización no momento da presentación de solicitude de axuda.

11. PUBLICIDADE DA AXUDA RECIBIDA

As e os beneficiarios deberán realizar as seguintes medidas de publicidade:

a. No caso de obras, colocarase na fachada unha lona informativa cos logotipos das entidades que participan e os datos referentes á intervención e a axuda recibida.

b. En todos os casos, colocarase nun lugar visible da fachada (cristal do escaparate, porta ou outro lugar o máis visible posible dende a rúa) durante o ano 2015, un adhesivo alusivo ao financiamento obtido que non terá unha dimensión superior a 15 cm x 15 cm.

Tanto os carteis como os adhesivos serán facilitados polo CEI Nodus. A empresa beneficiaria asume a obriga e o custo da instalación.

12. COMPATIBILIDADE, ACUMULACIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DAS AXUDAS CONCEDIDAS

A liña A de axudas (subvención de investimentos) é incompatible con outras axudas obtidas para os mesmos investimentos.

A liña B de axudas (subvención de gastos de persoal) é compatible con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non faga que se superen os límites sinalados pola lexislación nacional. Para estes efectos, dende o CEI Nodus do Concello de Lugo realizarase o seguimento das axudas *de minimis* dos últimos tres anos para o cal, ademais da declaración realizada pola persoa solicitante, poderían realizarse as consultas de comprobación que se estimen oportunas con outras administracións.

As empresas beneficiarias deben cumprir todas as obrigas que establece para as e os beneficiarios o artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tales como realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións sinalados nas bases, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, someterse ás actuacións de comprobación, etc.

O Concello de Lugo, por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e solicitar os documentos necesarios para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas pola presente convocatoria.

Se unha vez pagada a axuda se observase algunha das causas de reintegro citadas no punto 1 do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, requiriráselle á ou ao beneficiario o importe indebidamente cobrado mais os xuros legais devindicados e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo a consideración de ingreso de dereito público, de acordo co disposto nos artigos 38, 40, 41 e 42 da citada lei de subvencións.